

VII OLIMPIADA MATEMÁTICA NO IES Nº 1

- **PARTICIPANTES:** poderán apuntarse, por parellas, todos os alumnos do centro que así o desexen. A única condición é que ambos membros estean matriculados no IES Nº 1 no curso 2016-17.
- **INSCRIPCIÓN:** ata o día 13 de febreiro de 2017. Para inscribirse teredes que cubrir a ficha de inscrición que aparece nesta folla e entregala en secretaría.
- **PREMIO:** dous días enteiros dedicado a aventuras como raftin, cinta de equilibrio, escalada, sendeirismo,...
- **Nº DE PREMIOS:** 20 PERSOAS (10 PARELLAS) DISFRUTARÁN DE ESTE MAGNÍFICO PREMIO...
- **PUNTUACIÓNS:** poderán consultarse na aula virtual a medida que se vaian realizando as probas.

A VII Olimpíada matemática, como ven sendo habitual, consta de tres fases:


FASE I: FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

Entre o luns 20 e o venres 24 de febreiro, deberedes colgar na aula virtual unha fotografía que vos mesmos fixerades e pórllle un título que poña de manifesto a súa relación coas matemáticas.

O xurado comprobará (grazas ás propiedades da foto enviada) que fora sacada ao longo deses días, ademais valorará a orixinalidade (da foto e do título) e a relación coas matemáticas.

O xurado reunido de maneira presencial otorgará entre os 0 e os 10 puntos a cada unha das fotos presentadas. O xurado resérvase o dereito de eliminar algunha foto por considerala inapropiada.

Aquelas parellas que non presenten ningunha foto en prazo, inmediatamente quedarán eliminadas da Olimpíada e non poderán participar nas seguintes probas.



FICHA DE INSCRIPCIÓN

PARTICIPANTE Nº 1: _____ CURSO: _____

PARTICIPANTE Nº 2: _____ CURSO: _____

NOME DA PARELLA DURANTE A OLIMPIADA: _____

DATA E HORA DE ENTREGA DESTA INSCRIPCIÓN: _____

ASINAN: _____

FASE II: PISTA A PISTA

Entre o luns 13 e o venres 17 de marzo, levarase a cabo esta proba (que xa é un clásico da nosa olimpiada). Cada un destes días publicarase (na aula virtual, na biblioteca e na porta do departamento de ciencias) unha pista sobre unha personaxe e unha pista sobre un lugar. Se acertas no primeiro día sumarás cinco puntos, si acertas no segundo catro,... pero se fallas restarás un punto a túa conta.

Só poderás dar unha resposta diaria (unha para o personaxe e unha para o lugar)

A puntuación oscilará entre os -10 e os 10 puntos.

As parellas que non aporten ningunha resposta para o personaxe ou para o lugar, inmediatamente quedarán eliminadas da Olimpiada e non poderán participar nas seguintes probas.

FASE III: XINCANA

A data desta proba queda pendente de fixar, en función da cantidade de alumnos que se apunten.

Ao longo desa tarde, dende as catro ás 18:30 todos aqueles participantes terán que enfrontarse a probas de enxeño matemático que se realizarán en diversos lugares do noso instituto. Os que queiran gañar o premio deberán resolver o mellor que poidan ata dez probas que os seus profesores lles indicarán ao longo desa tarde. A astucia e a rapidez poderán marcar a diferenza...

A puntuación desta proba oscilará entre os 0 e os 10 puntos.

Se dúas parellas chegan empatadas ao final, o tempo empregado na xincana será o que marque o desempate.

Nesta proba quedarán eliminados aquelas parella que non se presenten na liña de saída a recoller a primeira proba ou aquelas parellas que abandonen o recinto escolar.

MOITA SORTE